

REUNIÓN DA COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

Día: 30.09.2019 Hora: 10:30



A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 30 de setembro de 2019, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Preguntas orais en Comisión

- 1.1 46245 (10/POC-007371)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Toja Suárez, María Dolores
Sobre as previsións da Consellería do Mar referidas á realización dunha mostraxe aleatoria da existencia de ourizo de mar na Mariña lucense e, se é o caso, a valoración da posibilidade de permitir a súa extracción mediante mergullo con subministración de aire desde a superficie
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 435, do 21.02.2019
- 1.2 52270 (10/POC-008085)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula
Sobre a realización por parte da Consellería do Mar dos estudos necesarios para acometer no Porto Chico de Foz as melloras integrais propostas pola Asociación A Ribeira, de Foz, as previsións referidas ao seu impulso e a dispoñibilidade dalgún informe técnico respecto do estado das súas instalacións
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 509, do 22.07.2019
- 1.3 52323 (10/POC-008092)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre o orzamento destinado polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido á execución das melloras necesarias no porto de Malpica, así como os prazos previstos para o inicio e remate das obras
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 509, do 22.07.2019
- 1.4 52905 (10/POC-008223)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre as actuacións levabas a cabo polo Goberno galego dende o ano 2015 para paliar e frear os efectos do cambio climático, así como as que vai aplicar no ano 2019



Publicación da iniciativa, BOPG n.º 515, do 01.08.2019

- 1.5 53000 (10/POC-008247)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre a decisión adoptada polo goberno Galego de nomear unha nova responsable para o ente público Portos de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 518, do 06.08.2019
- 1.6 54903 (10/POC-008646)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre os resultados acadados polo Servizo de Gardacostas na loita contra o furtivismo durante o primeiro semestre de 2019, así como o balance que fai o Goberno galego da evolución que rexistra a súa actividade inspectora nos últimos anos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 529, do 12.09.2019
- 1.7 55601 (10/POC-008772)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a opinión da Consellería do Mar respecto do proxecto de ampliación da depuradora situada na punta Abelleira, no concello de Muros, a solicitude á entidade promotora da correspondente tramitación ambiental e as actuacións previstas para evitar o seu impacto nos bancos marisqueiros
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 533, do 18.09.2019

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2019

Marta Rodríguez Arias

Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodriguez Arias na data 19/09/2019 16:37:20





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 19/09/2019 17:30:46
Nº Rexistro: 16954
Data envío: 19/09/2019 17:30:46.062

CSV: REXISTRO9oQ6tez0L9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/09/2019 17:30:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 19/09/2019 17:30:46
Nº Rexistro: 16954
Data envío: 19/09/2019 17:30:46.062

CSV: REXISTRO9oQ6tez0L9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta Rodríguez Arias

P

Vicepresidente

José Alberto Pazos Couñago

P

Secretaria

Paula Quinteiro Araújo

GCE

Vogais

Francisco Casal Vidal

M

Teresa Egerique Mosquera

P

Martín Fernández Prado

P

María Ángeles García Míguez

P

Patricia Otero Rodríguez

S

María Montserrat Prado Cores

BNG

María Soraya Salorio Porral

P

Daniel Vega Pérez

P

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 30.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 30.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 46245(10/POC-007371)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Toja Suárez, María Dolores

Sobre as previsións da Consellería do Mar referidas á realización dunha mostraxe aleatoria da existencia de ourizo de mar na Mariña lucense e, se é o caso, a valoración da posibilidade de permitir a súa extracción mediante mergullo con subministración de aire desde a superficie

Publicación da iniciativa, 435, 21.02.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46245
Data envío: 13/02/2019 14:09:59.037

Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e María Dolores Toja Suárez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

A semana pasada mantívose unha reunión entre a Consellería do Mar da Xunta de Galicia e as confrarías de pescadores da Mariña lucense, que concluíu sen cambios polo conflito do ourizo de mar na Mariña, relativo ao Plan de explotación do ourizo a frote na modalidade de mergullo con subministro de aire desde a superficie (MSAS).

Por parte das confrarías da Mariña, así como pola Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo presentáronse, alegacións e escrito de rexeitamento respectivamente.

No DOG do 27 de decembro publícase a Orde do 20 de decembro de 2018 polo que se aproban os plans de xestión para recursos específicos en Galicia para o ano 2019. Nesa orde, no cadro C: “plans de xestión de equinodermos” aparece reflexado pola entidade AM Aresmar (Asociación de colectores submarinos da Mariña) na modalidade de MSAS.

As confrarías de pescadores da Mariña lucense e a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo están molestos debido a que se lle dea prioridade a unha asociación privada por riba das confrarías e dos socios da Federación Provincial.

E non é porque as confrarías da Mariña queiran prohibirlles aos de a frote que recollan ourizo, senón que queren que o fagan a pé, traballando así dunha forma máis sostible e en igualdade de condicións. Os 29 mariscadores a pé que recollen ourizos realizan unha pesca sostible dos equinodermos. Ademais teñen que mirar as mareas e o estado do mar para recoller unha especie, que tarda, polo menos, 5 anos en dar o talle comercial, e con tope de 50 kg/ día por mariscador. Os de a frote, non teñen porque ter en conta as mareas e poden capturar con maiores inclemencias do tempo que os de a pé e teñen un tope de 80 kg/ día por persoa. A ratio é de 1.480 kg/ ano por mariscador a pé e 6.480 kg/ano os de a frote. Todo isto tradúcese en pesca sostible fronte a rendibilidade inmediata.

Na Mariña lucense existen 29 mariscadores a pé que extraen ourizo e dúas lanchas con 4 mergulladores.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSX: REXISTRO-PSDZ4BAT-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46245
Data envío: 13/02/2019 14:09:59.037

As confrarías entenden que o sistema a frote, coas capturas na zona submareal, condicionan a recuperación dos bancos intermareais, onde realizan a explotación os mariscadores de a pé da zona da Mariña lucense, zona esta especialmente vulnerable e dependente das poboacións de ourizo do submareal.

Se ben é certo que a día de hoxe non se mostra un descenso desta especie, tamén o é que se rexistraron ao longo destes 10 anos peches temporais dalgúns bancos, nos que se percibiu diminución da abundancia dos recursos, coincidindo nalgúns casos, coa explotación das mariscadores a frote.

A Consellería do Mar di que en función dos informes que teñen non se pode prohibir o marisqueo a frote para o ourizo (informe que o sector considera “*de parte*” xa que se ben se realizou por parte dos biólogos da Consellería do Mar realizouse a bordo das embarcacións que realizan o marisqueo a frote, e nos lugares por estes mariscadores elixidos).

Por iso as deputadas que asinan formulan as seguinte preguntas:

1ª) Ten pensado a Consellería do Mar realizar unha mostraxe aleatoria da existencia do ourizo de mar na Mariña lucense, por biólogos da Consellería?

2ª) Segundo o resultado, vai o Goberno galego valorar a posibilidade de permitir ou non a extracción do ourizo mediante mergullo con subministro de aire desde a superficie, tal e como reclaman as confrarías da Mariña e a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo?

Pazo do Parlamento, 13 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 13/02/2019 14:04:05

María Dolores Toja Suárez na data 13/02/2019 14:04:16



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 30.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 52270(10/POC-008085)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre a realización por parte da Consellería do Mar dos estudos necesarios para acometer no Porto Chico de Foz as melloras integrais propostas pola Asociación A Ribeira, de Foz, as previsións referidas ao seu impulso e a dispoñibilidade dalgún informe técnico respecto do estado das súas instalacións

Publicación da iniciativa, 509, 22.07.2019

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 8.^a**

En maio de 2018 todos os grupos políticos do Parlamento de Galicia, a proposta de En Marea, aprobaron por unanimidade acometer de xeito urxente as obras de dragado do Porto Chico en Foz.

En Marea defendeu, ademais, no Parlamento que a Consellería do Mar presentara un proxecto, acompañado de cronograma e partidas orzamentarias, para acometer melloras integrais de calado e abrigo no Porto Chico de Foz.

Un ano despois, a Asociación A Ribeira de Foz denuncia que continúa sen novidades a respecto das melloras necesarias para o peirao de Tupide, en Foz.

A asociación citada presentara en maio de 2017 un plan de mellora para o Porto Chico diante da Consellería do Mar. Rosa Quintana, naquela altura, sinalara que se comprometeu a “estudar a posibilidade de mellorar a funcionalidade do porto deportivo de Portochico”.

Destas melloras, unicamente se impulsou dende Portos de Galicia o dragado e o acceso ao novo pantalán, agardando que se renove con urxencia o firme do pantalán vello.



A realidade do Porto Chico, ou peirao de Tupide, en Foz, que serve de porto deportivo, orixina múltiples prexuízos, pois as embarcacións instaladas no mesmo, que pagan as correspondentes taxas polo atraque, sofren estragos durante os temporais, optando mesmo por subir a terra as lanchas ou trasladalas ao porto pesqueiro.

En 2016, a Xunta foi interpelada polas previsións para dragar o peirao de Tupide e a resposta foi que non tiñan intención de facelo porque ningún colectivo o solicitara. Finalmente, rectificouse, porque a propia Asociación A Ribeira de Foz si solicitara estas melloras tan necesarias. Asemade, esta asociación ten presentado ante a Consellería do Mar unha proposta de actuacións de mellora do Porto Chico, consistente en modificar o espigón, cambiando a bocana de ubicación, de xeito que, ademais, melloraría a seguridade da praia de Tupide, pois actualmente as embarcacións acceden ao porto por diante da praia, con situacións de perigo para bañistas. Coa solución proposta por A Ribeira de Foz, a dársena quedaría protexida de temporais e correntes e impediríase a entrada de area, co calado perduraría. Estas melloras permitirían, ademais, un aumento das prazas de atraque, dende as 70 actuais a máis de 110.

A situación na que se atopa este peirao orixina múltiples prexuízos, pois as embarcacións instaladas no mesmo, que pagan as correspondentes taxas polo atraque, sofren estragos durante os temporais, optando mesmo por subir a terra as lanchas ou trasladalas ao porto pesqueiro. En resumo, que a infraestrutura non cumpre cos obxectivos para os que foi deseñada, malia as persoas usuarias pagar as taxas correspondentes mesmo cando non teñen o servizo.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/07/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 52270
Data envío: 04/07/2019 19:07:24.935

O potencial de Foz a nivel náutico-deportivo e pesqueiro está lastrado pola falta de prazas de amarre e as continuas necesidades de dragado. No caso do Porto Chico hai dificultades para saír e entrar, hai posibles situacións de perigo cos e as bañistas de Tupide e hai demanda de máis prazas de atraque.

A Xunta afirmou nunha resposta parlamentaria que agardaba que “a ampliación de 40 prazas, destinadas a embarcacións de sétima lista” se daría “resposta ás necesidades existentes no municipio” de Foz”.

Polo exposto, a deputada que subscribe pregunta á Xunta de Galicia:

- Realizou a Consellería do Mar os estudos necesarios para acometer as melloras integrais no Portochico propostas pola Asociación A Ribeira de Foz?
- Cando vai impulsar a Xunta este estudo e estas melloras do Porto Chico?
- Ten a Xunta algún informe técnico sobre o estado das instalacións de Porto Chico?
- Vaise volver reunir a Conselleira do Mar con todos os colectivos afectados?
- Vaise aproveitar a presenza da draga en Ribadeo e Burela este ano para operar tamén en Foz?
- Non considera a Xunta que a modificación do espigón que propón a Asociación A Ribeira de Foz melloraría a seguridade de embarcacións e bañistas?
- Que lle vai facer a Xunta ante a demanda non atendida de prazas de atraque en Foz?



CSV REXISTRO: 52270

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/07/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 52270
Data envío: 04/07/2019 19:07:24.935

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. Mixto

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 04/07/2019 19:05:59

CSV REXISTRO QHQHbM3Hg7
Vázquez Verao
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 30.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 52323(10/POC-008092)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre o orzamento destinado polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido á execución das melloras necesarias no porto de Malpica, así como os prazos previstos para o inicio e remate das obras

Publicación da iniciativa, 509, 22.07.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/07/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 52323
Data envío: 05/07/2019 15:43:06.814



Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Miranda Pena e Paula Quinteiro Araújo, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8.ª**, relativa ao seguimento das obras do porto de Malpica.

O pasado 22 de febreiro aprobábanse por unanimidade dúas proposicións non de lei acumuladas e defendidas na Comisión oitava polo Partido Socialista de Galicia e por nós mesmas, En Marea, instando á Xunta de Galicia e á Consellería do Mar a mellorar a seguridade no Porto de Malpica.

Nese mesmo porto, meses antes, o 20 de decembro, tivera lugar o trágico suceso que cobrara a vida de José Ángel Sanjurjo Láuzara, patrón do Silvosa, durante unha manobra rutineira: metendo o seu barco na dársena do porto de Malpica ante unha corrente significativa.

A Confraría, os mariñeiros e un informe experto identificaban problemas de seguridade nese porto:

- A entrada á dársena foi deseñada de modo que as comportas forman a cotío correntes perigosas especialmente entre novembro e febreiro e na baixamar.
- En ocasións é necesaria a descarga de peixe noutras localizacións para evitar estas correntes.
- É preciso pactar os horarios de apertura de comportas e limitar a 8,90 m de manga os barcos que operan nesa dársena por falta de calado.
- Resulta insuficiente a protección que ofrece o espigón, e os muros xeran contracorrentes.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/07/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 52323
Data envío: 05/07/2019 15:43:06.814



-Faise necesario eliminar o escalón existente baixo a comporta da dársena, e proceder ao dragado da dársena.

-É preciso mellorar a iluminación da comporta e regular os fondeadoiros das embarcacións da sétima lista.

-A medio prazo, hai que aumentar o espigón e dique de abrigo do porto, tal como recomendan os técnicos.

Despois da aprobación da Proposición non de lei incluíndo esas melloras, hai máis de catro meses, descoñécese cal é o grao de concreción ou programación das intervencións acordadas, así como o compromiso orzamentario.

O único que transcendeu de Portos de Galicia, a entidade encargada da cuestión, foi o acometemento dunha serie de obras de mantemento no Porto consistentes na reparación do peirao, repoñendo algúns elementos desprendidos e o firme da área de descarga fronte á lonxa.

Tendo en conta a relevancia das intervencións acordadas para a seguridade dos mariñeiros de Malpica, as deputadas Flora Miranda Pena e Paula Quintero Araújo, formulan as seguintes preguntas:

- 1.ª) Cal é o orzamento para acometer as melloras necesarias no porto de Malpica?
- 2.ª) Cales son os prazos de execución das obras e cando é previsible que estas comecen e rematen, tal como se instaba na aprobación da Proposición non de lei do 22 de febreiro na Comisión de Pesca do Parlamento de Galicia?

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Paula Quintero Araújo



CSV REXISTRO7-KIaiG07





Deputadas do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/07/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 52323
Data envío: 05/07/2019 15:43:06.814

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 05/07/2019 15:36:15

Paula Quinteiro Araújo na data 05/07/2019 15:36:26

CSV REXISTRO7-KlailG07
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 30.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 52905(10/POC-008223)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego dende o ano 2015 para paliar e frear os efectos do cambio climático, así como as que vai aplicar no ano 2019

Publicación da iniciativa, 515, 01.08.2019



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

A Consellería do Mar acaba de publicar a Orde do 19 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable para propietarios de buques pesqueiros, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP). O crédito orzamentario destas axudas destinado a limitar o impacto da pesca no medio mariño e adaptación da pesca á protección das especies é de 140.000 €, no relativo a mellorar a eficiencia enerxética e mitigar o cambio climático é de 100.000 €, e para a substitución de motores conségnanse 80.000 €.

Tal e como establece o título das axudas e posteriormente o detalle do crédito orzamentario, o obxectivo desta liña non é outro que mellorar a sustentabilidade da pesca, así como a mellora das condicións de traballo. Obxectivos que desde o Grupo Socialista compartimos xa que o consideramos de grande importancia para o futuro do sector, ademais de ir en liña co establecido no Plan Estratéxico Galego 2015-2020, eixe 3, denominado *Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandería e montes*.

Non obstante, a cuestión que se formula está en relación co crédito para tal fin, xa que a porcentaxe disposta non alcanza nin o 0,2 % do total do orzamento da Consellería do Mar. É difícil comprender como se van acadar uns obxectivos de tal importancia, sen unha asignación de maior importe. O certo é que a Consellería vén argumentando repetidamente que desde o sector non se solicitan as axudas, pero entendemos que o labor dun Goberno debe ir máis alá que a simple adxudicación ou denegación das solicitudes recibidas, debería levar a cabo accións de divulgación e sensibilización en relación cos cambios que se están a producir na pesca pola crecente e robusta evidencia de cambio climático, moi necesarias para facer chegar a este sector a necesidade de adaptarse ás novas exigencias.

Xa no ano 2015, o Grupo Intergubernamental de Expertos sobre o Cambio Climático (IPCC) nas conclusións do V informe de Avaliación, realizado en colaboración con numerosos investigadores e xestores, e coordinado pola Oficina Española de Cambio Climático (OECC), expresaban a súa preocupación polos





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 13:28:04
Nº Rexistro: 52905
Data envío: 23/07/2019 13:28:04.737

efectos do cambio climático no medio mariño, entre outros, mencionaban cambios e efectos a nivel físico-químico (aumento do nivel e da temperatura da auga, diminución do ph...), e cambio e efectos a nivel biolóxico.

As accións son necesarias de cara a un desenvolvemento sostible, e posibles, se as institucións establecen os recursos que propicien a innovación tecnolóxica e os cambios nas condutas para a adaptación ao novo marco.

Ante esta situación as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que accións de divulgación das axudas, así como de sensibilización sobre a crecente e robusta evidencia de cambio climático, ten levado a cabo o Goberno galego dende o ano 2015?

2ª) Que accións de divulgación das axudas, así como de sensibilización sobre a crecente e robusta evidencia de cambio climático, vai levar a cabo o Goberno galego no ano 2019?

3ª) Ante a necesidade dun aumento dos investimentos en adaptación e mitigación de cambio climático como valora o Goberno destinar unicamente 100.000 euros a mellorar a eficiencia enerxética e mitigar o cambio climático?

4ª) Ante a necesidade dun aumento dos investimentos en adaptación e mitigación de cambio climático como valora o Goberno destinar unicamente 80.000 euros á substitución de motores?

5ª) Ante a necesidade dun aumento dos investimentos en adaptación e mitigación de cambio climático como valora o Goberno destinar unicamente 140.000 euros a limitar o impacto da pesca no medio mariño e adaptación da pesca á protección das especies 140.000 €?

Pazo do Parlamento, 23 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 23/07/2019 13:22:40

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV REXISTROXOIPKxse6
Verificación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 13:28:04
Nº Rexistro: 52905
Data envío: 23/07/2019 13:28:04.737

Patricia Otero Rodríguez na data 23/07/2019 13:22:57



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 30.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 53000(10/POC-008247)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a decisión adoptada polo goberno Galego de nomear unha nova responsable para o ente público Portos de Galicia

Publicación da iniciativa, 518, 06.08.2019

Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Miranda Pena e **Paula Quinteiro Araujo**, deputadas do grupo parlamentar de En Marea, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte PREGUNTA para a súa RESPOSTA ORAL en **Comisión 8ª**.

Recentemente o Goberno Galego ven de destituír ao presidente de Portos de Galicia e de nomear unha nova responsable para o ente público.

Esta destitución logo de oito anos no cargo, ven a confirmar as nosas denuncias da errónea deriva na dirección do ente, que lonxe de axudar e beneficiar ao sector pesqueiro tradicional, dirixía a súa xestión no fomento da utilización terciara do terreos portuarios ou incluso lúdica, fronte ao impulso dos usos pesqueiros, provocando enormes deterioros na calidade das infraestruturas portuarias.

Ademais, non foi quen de arraxar os moitos problemas de seguridade que amosan os portos de titularidade autonómica, véxase a situación de Malpica, Laxe ou moitos outros no litoral Galego.

Polo exposto as deputadas asinantes facemos a seguinte pregunta para a súa resposta oral na comisión 8ª.

- Cales foron os motivos da decisión adoptada polo goberno Galego de mudar a dirección de portos de Galicia, que obxectivos se marcan coa nova designación?

Santiago de Compostela, a 29 de xullo de 2019





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2019 12:41:46
Nº Rexistro: 53000
Data envío: 29/07/2019 12:41:46.417

Asdo.: Flora Miranda Pena


Paula Quinteiro Araújo

Deputadas do G. P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 29/07/2019 12:39:21

Paula Quinteiro Araújo na data 29/07/2019 12:39:31



Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 30.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 54903(10/POC-008646)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre os resultados acadados polo Servizo de Gardacostas na loita contra o furtivismo durante o primeiro semestre de 2019, así como o balance que fai o Goberno galego da evolución que rexistra a súa actividade inspectora nos últimos anos

Publicación da iniciativa, 529, 12.09.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 10:26:41
Nº Rexistro: 54903
Data envío: 03/09/2019 10:26:41.005

Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Galicia realiza funcións de salvamento desde 1990. Sen embargo, non foi ata a promulgación da *Lei 2/2004, de 21 de abril*, que se crea o Servizo de Gardacostas.

Un servizo que nos seus 25 anos de historia salvou a vida de máis de 1.500 persoas e que, na actualidade, opera as 24 horas e os 365 días do ano, dando resposta inmediata aos incidentes que se producen na costa galega.

Un servizo que loita contra o furtivismo e os que extraen de forma ilegal, sen o correspondente permiso de explotación, o recurso do que viven os traballadores do marisqueo; e que trata de evitar a venda dos produtos do mar fóra das vías legais de comercialización, preservando así a saúde dos consumidores.

Desde a Xunta de Galicia estase facendo un importante esforzo na loita contra o furtivismo en todo o litoral de Galicia, co apoio, desde o 2009, do "*Plan de loita contra o furtivismo*".

Unha planificación integral decidida a erradicar o furtivismo, evitar a fraude e garantir a salubridade dos produtos do mar, centrada en que o recurso non saíse do seu medio, incautando as artes e os medios empregados na súa obtención ilegal.

Xunto ao Plan, neste labor foron imprescindibles tres accións:

- O desenvolvemento de medidas de sensibilización social.
- A mellora da coordinación con outros corpos, como a Garda Civil, a Unidade de Policía Nacional adscrita a Galicia, as Policía Locais e os gardapescas das Confrarías de Pescadores.
- E a consecución da tipificación do furtivismo como delito no Código Penal no 2015. Unha acción que permitiu contabilizar, ata o 2018, a 456 persoas detidas pola Policía Autonómica.

Conscientes da necesidade de afondar nestas accións, no programa co que obtivemos a confianza maioritaria dos galegos en setembro de 2016 o PPdeG comprometeuse co

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 10:26:41
Nº Rexistro: 54903
Data envío: 03/09/2019 10:26:41.005

avance na loita contra o furtivismo. Establecía dito documento que *“Continuaremos avanzando no axuste e mellora do programa de acción contra o furtivismo, organizando operativos conxuntos cos gardapescas dependentes das confrarías e estreitando a colaboración coa Unidade da Policía Nacional adscrita á Comunidade Autónoma, para o que tamén se reforzará o grupo de axentes que prestan apoio ás funcións do persoal de Gardacostas”* ao tempo que, xa centrados no eido do marisqueo, defendíase que *“Manteremos unha loita activa contra o furtivismo, en colaboración e coordinación cas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, como elemento fundamental para acadar no só un incremento da produtividade dos bancos marisqueiros, senón tamén para mellorar a calidade de vida do sector e a dignificación da actividade profesional.”*

Polo tanto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas orais en comisión:

- Cales foron os resultados acadados polo Servizo de Gardacostas na súa actividade de loita contra o furtivismo no primeiro semestre do 2019?
- Que balance fai da evolución da actividade inspectora e infractora do Servizo de Gardacostas nos últimos anos?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 03/09/2019 10:18:42

María Ángeles García Míguez na data 03/09/2019 10:18:57

Martín Fernández Prado na data 03/09/2019 10:19:10

Alberto Pazos Couñago na data 03/09/2019 10:19:25

Marta Rodríguez Arias na data 03/09/2019 10:20:08

María Soraya Salorio Porral na data 03/09/2019 10:20:20

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 10:26:41
Nº Rexistro: 54903
Data envío: 03/09/2019 10:26:41.005

Daniel Vega Pérez na data 03/09/2019 10:20:41



CSV REXISTROX(S)SU0429

Verificación

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 30.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 55601(10/POC-008772)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a opinión da Consellería do Mar respecto do proxecto de ampliación da depuradora situada na punta Abelleira, no concello de Muros, a solicitude á entidade promotora da correspondente tramitación ambiental e as actuacións previstas para evitar o seu impacto nos bancos marisqueiros

Publicación da iniciativa, 533, 18.09.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2019 17:46:19
Nº Rexistro: 55601
Data envío: 12/09/2019 17:46:19.803

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª**, relativa ás medidas a tomar para evitar que a ampliación dunha depuradora no concello de Muros teña un impacto negativo sobre os bancos marisqueiros.

En Punta Abelleira no concello de Muros está ubicada unha depuradora dende hai arredor de 35 anos . Por parte da Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar do Ministerio de Agricultura e Pesca, alimentación e Medio Ambiente o 10.05.2018 emitíuse resolución na que se lle outorgou á entidade “Mariscos Antón Fernández” a concesión administrativa para a ocupación de 1.012,90 metros cadrados de dominio público marítimo-terrestre, con destino a tuberías de captación e vertido de auga de mar, reconstrución dunha rampla-embarcadoiro e legalización dunha franxa de terreos ganados ao mar que rodean a nave principal. Con data de 10 de maio de 2019 a mesma empresa solicita a modificación da concesión consistente na ampliación da zona de ocupación solicitada, pasando a mesma de 1.092,90 metros cadrados a 1.493,63.

Este proxecto de ampliación da depuradora está causando o rexeitamento d@s veciñ@s de Abelleira e do colectivo de mariscadoras/es polo seu temor ao

CSX: REXISTROCuAm12xm9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramitas/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2019 17:46:19
Nº Rexistro: 55601
Data envío: 12/09/2019 17:46:19.803

impacto sobre as correntes e a actividade marisqueira da ampliación da rampla-embarcadeiro para convertelo nun peirao para barcos bateiros que precisaría dun importante dragado para levalo a cabo. Outro motivo de rexeitamento ben dado porque as pretensións de peche do espazo ganado ao mar que rodea a depuradora suporía a privatización dun espazo público e limitaría moito a servidume de paso da zona.

Polas razóns expostas formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

É coñecedora a Consellaría do Mar deste proxecto de ampliación?

Que opinión lle merece?

Ten solicitado a entidade “Mariscos Antón Fernández” a tramitación ambiental correspondente para a ampliación mencionada? De ser así en que data?

Que accións vai realizar para garantir que os bancos marisqueiros non se vexan afectados?

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 12/09/2019 17:46:19

Nº Rexistro: 55601

Data envío: 12/09/2019 17:46:19.803

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 12/09/2019 17:41:46

Xosé Luis Bará Torres na data 12/09/2019 17:41:53

Noa Presas Bergantiños na data 12/09/2019 17:41:57

Olalla Rodil Fernández na data 12/09/2019 17:42:04

Xosé Luis Rivas Cruz na data 12/09/2019 17:42:11

Ana Pontón Mondelo na data 12/09/2019 17:42:19

CSV REXISTRO CuA-M2xm9
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

